

COMUNICADO DE PRENSA

..... Día Mundial dos Humedais – 2 de febreiro de 2008

O Colexio de Biólogos denuncia a situación “preocupante” dos humedais en Galicia, debido ás deficiencias do saneamento das augas continentais e mariñas e a unha *marbellización* incipiente pero alarmante en moitos tramos

En Galicia hai máis de 1.100 humedais inventariados e só gozan de protección cinco zonas, as rías de Ortigueira-Ladrido, Umia-Grove, Corrubedo, Valdoviño e Ribadeo

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2008 (Vía Láctea Comunicación).- Mañá celébrase o Día Mundial dos Humedais, baixo o lema "Humedais Sans, Xente Sa". Esta efeméride nace a raíz da Convención sobre os Humedais, un tratado intergubernamental aprobado o 2 de febreiro de 1971 na cidade iraní de Ramsar. Aprobouse para abordar a conservación e o uso racional dos humedais, como “ecosistemas extremadamente importantes para a conservación da diversidade biolóxica en xeral e o benestar das comunidades humanas en particular”.

Con motivo desta conmemoración, o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** quere facer unha reflexión sobre o estado dos humedais no territorio galego. Dende o colectivo manifestan que “a situación non deixa de ser preocupante en Galicia, xa que o noso espazo litoral se pode disgregar nunha continua sucesión de rías, esteiros, lagoas e marismas. Todos eles son tipos de humedais que mostran un estado de conservación en moitos casos pouco favorable, debido ás deficiencias do saneamento das augas continentais e mariñas, e mesmo a unha *marbellización* incipiente pero alarmante en moitos tramos”. Segundo os biólogos, “a mala calidade da auga mesmo está a condicionar a explotación dos recursos marisqueiros”.

Dende o COBGA queren poñer de manifesto que “a mala xestión dos humedais como recurso xera situacións tan lamentables como a acaecida no encoro da Fervenza, no Xallas”. Apuntan que, ante este tipo de situacións, “unha parte dos xestores da auga fan rogativas ás forzas telúricas cando as nubes se afastan dos nosos ceos, en lugar de apostar por desenvolver estratexias efectivas de adaptación ao cambio climático global”.

Para o colectivo dos biólogos o Día Mundial dos Humedais é unha data estratéxica para valorar “a protección real dos nosos humedais”. Tal como lembran, a Convención de Ramsar establece a necesidade de declarar *humedais de importancia internacional*. En Galicia, con máis de 1.100 humedais inventariados, as primeiras declaracións remóntanse ao ano 1989 (rías de Ortigueira-Ladrido e Umia-Grove), catro anos despois decláranse Corrubedo e Valdoviño e en 1994 a Ría de Ribadeo.

Os biólogos aseguran que Galicia dispón de moitos espazos singulares que aínda carecen de protección efectiva

Dende entón non se volveu declarar ningún outro *humidal protexido* no territorio galego, “a pesar de que nalgún momento se formulou a designación da Serra do Xistral (Lugo), debido á existencia nesta zona de grandes extensións de turbeiras de montaña, un tipo de espazos húmidos dos poucos que se conservan en Europa” -afirman dende o COBGA-.

Os voceiros do Colexio de Biólogos sinalan que “a iniciativa autonómica non supuxo unha mellora, alomenos numérica neste eido, xa que a figura de *humidal protexido* só se outorgou a cinco humedais, mentres que espazos tan singulares como a Lagoa de Sobrado (na localidade coruñesa de Sobrado dos Monxes) ou Braña Loura (en Alcaíán, no concello coruñés de Coristanco) carecen aínda dunha protección efectiva”. E a mesma situación se repite, segundo o COBGA, noutros “humedais con hábitats e poboacións de especies de flora e fauna silvestre en perigo, endémicas, raras ou ameazadas e que cumpren amplamente os requisitos especificados para seren designados como *humidal protexido* ou mesmo algúns deles como *humedais de importancia internacional*”.

Por outro lado, dende o COBGA declaran que continúa, ademais, “a destrución sistemática dos pequenos e valiosísimos ecosistemas de braña, que teñen problemas de insularidade, de exceso de nutrientes nalgún caso e de cambios profundos ou destrución completa noutros”. Indican que “esta perda difusa e continuada supón unha merma importantísima do noso patrimonio natural”.

Os biólogos aplauden a prohibición de empregar munición de chumbo nos humedais que integran a Rede Natura 2000, que en Galicia afecta a máis de 45.000 hectáreas repartidas entre 380 humedais

O Colexio de Biólogos quere aproveitar esta data para facer unha mención especial á recente entrada en vigor da Lei de Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Segundo o colectivo, “supuxo unha adaptación necesaria da política estatal en materia de xestión e conservación da natureza ás directrices da Unión Europea”. Sinalan que “dende o propio articulado da Lei se pon en evidencia o escaso desenvolvemento normativo autonómico no relativo á conservación da natureza, que xa quedou claramente superado pola norma estatal”.

Segundo os biólogos galegos, a Lei de Patrimonio Natural afianza a protección dos humedais. Destacan en particular a prohibición de empregar munición de chumbo en todos os humedais que forman parte da Rede Natura 2000. Isto representa, segundo o Inventario de Humedais de Galicia, máis de 45.000 hectáreas repartidas entre 380 humedais, o que constitúe “un importante paso cara adiante na conservación e uso racional dos nosos humedais”.